



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/05/2009 17:47  
Nº Rexistro: 00819  
Data envío: 12/05/2009 17:47:52.565


## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa á negativa expresa da entidade financeira ING-Direct a utilizar a lingua galega nas súas relacións cos clientes galegos, e ao respecto á lingua galega nas entidades bancarias e financeiras con presenza na Galiza.

Os compromisos internacionais adquiridos formalmente polo Estado español en materia lingüística, e moi nomeadamente a Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, ratificada en 2001 e incorporada ao corpo xurídico do Estado, inclúe o recoñecemento a que galegas e galegos poidamos utilizar o idioma propio do noso país, e sermos atendidos no mesmo, nas nosas relacións con entidades bancarias e financeiras, através da existencia de cláusulas que garantan o uso do galego nos correspondentes regulamentos bancarios e financeiros.

Porén, unha entidade financeira a distancia, ING-Direct, vén de manifestar, de xeito expreso, que non está disposta a utilizar a lingua galega, nin de xeito oral nin por escrito, en ningún contrato ou xestión realizada na Galiza e/ou con clientes galegos, a diferenza dos servizos, que si ofrece, en español e en catalán. O seu argumento é que a lexislación lingüística na Galiza non recolle ese dereito”.

Resulta ben chamativo como unha entidade que obtén importantes beneficios económicos no noso país non posúa a máis mínima vontade, ou sensibilidade, á hora



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/05/2009 17:47  
Nº Rexistro: 00819  
Data envío: 12/05/2009 17:47:52.565

de lles recoñecer dereitos lingüísticos aos seus clientes, a diferenza do que si fai, por exemplo, na Cataluña.

A maiores, moito hai que avanzar aínda para exercermos o dereito a realizar as nosas xestións e recibirmos atención, oral e escrita, en galego nas entidades bancarias e financeiras que operan no noso país.


Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que avaliación realiza a Secretaria Xeral de Política Lingüística da actividade de ING-Direct en relación co idioma do noso país?

2.<sup>a</sup>) Que medidas se adoptarán por este motivo, ao amparo do establecido na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias?

3.<sup>a</sup>) Posúe dados a Secretaría Xeral de Política Lingüística sobre os bancos ou caixas de aforro que:

- a) teñen a disposición do público todo tipo de formularios en galego.
- b) Teñen en galego a rotulaxe interna da entidade.
- c) Desenvolven as campañas publicitarias en galego.
- d) Teñen a opción de galego nos caixeiros automáticos e, ademais, a opción de mudanza cara outra lingua parte desde o galego.
- e) Teñen opción en galego da páxina web.
- f) Realiza a correspondencia comercial en galego.
- g) A banca telefónica e a electrónica teñen opción de atención en galego?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/05/2009 17:47  
**Nº Rexistro: 00819**  
Data envío: 12/05/2009 17:47:52.565

4.<sup>a</sup>) Que medidas prácticas adoptará a Secretaría Xeral de Política Lingüística para a galeguización da banca?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 12/05/2009 17:46:14**